



Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

**MEMORIA
DE ACTIVIDADES
2006-2008**



Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo

Directora

Zara Pousa Arbones

Equipo técnico

Aguado López, Rosa
González De La Cuesta, Blanca
López Walliser, Julio A.
Martínez Rodríguez, Silvana
Pérez Saldaña, Andrea
Troitiño Dapena, Xulio

Persoal de apoio

Díaz Martínez, Natalia
Domínguez Paz, Carmen
Reino Grandal, Mar

Edita

Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo




Diseño e maquetación
Tórculo Artes Gráficas

Imprime
Tórculo Artes Gráficas


Depósito Legal
VG 1504 - 2008

Un instrumento para a dinamización do territorio	1
Datos xerais do proxecto UPD 2006-2008	5
Composición do equipo da UPD	9
Estratexia e áreas de traballo	13
• Investigación e planificación	16
Servizo de Información territorial	16
Cooperación con entidades para a investigación.....	17
Banco de ideas.....	18
• Apoio e dinamización	19
Asesoramento, deseño de proxectos e redacción de estudos específicos	19
Accións para a mellora da inserción laboral e a empregabilidade	48
• Avaliación	51
Avaliación da rede de axentes de emprego e desenvolvemento local	
da Mancomunidade de Vigo.....	52
Avaliación do programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego	
na provincia de Pontevedra.....	52
• Difusión	53
Divulgación de información sobre desenvolvemento local e emprego.....	53
Promoción dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.....	54
Actividades Xerais.....	59





UN INSTRUMENTO PARA A DINAMIZACIÓN DO TERRITORIO




UN INSTRUMENTO PARA A DINAMIZACIÓN DO TERRITORIO

As unidades de promoción e desenvolvemento configúranse, segundo a orde que as regula, como módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que colaboran na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, descubriendo as potencialidades de desenvolvemento e emprego, elaborando plans integrais de intervención destes programas e de proxectos de desenvolvemento fomentando a inserción laboral das persoas participantes en ditos proxectos.

Neste senso, as UPDs son instrumentos que favorecerán a posta en marcha de plans e proxectos integrais de cara a aplicar as políticas activas de emprego. Polo tanto, a finalidade primordial do presente proxecto foi promover a execución de proxectos, non só de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, senón tamén de proxectos que fomentaran o desenvolvemento local, acordos coas necesidades territoriais, económicas e sociais dun territorio para mellorar as posibilidades de inserción das persoas desempregadas.


Co fin de acadar este obxectivo, as funcións principais da Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2006-2008 foron:

- Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego do territorio, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos seus recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitiran planificar iniciativas viables, sostidas e innovadoras.
- Colaborar cos axentes de emprego e desenvolvemento local e cos actores e entidades do territorio de cara a deseñar e por en práctica iniciativas de desenvolvemento local e de proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego.
- Apoiar, dinamizar e cooperar coa rede de axentes de emprego e desenvolvemento local e cos equipos directivos e docentes dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego no desenvolvemento das súas tarefas e funcións, proporcionándolles metodoloxías de traballo, formación e recursos.
- Desenvolver estratexias de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ao autoemprego dos colectivos de desempregados e, especialmente, dos participantes en escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e outros programas de cooperación.
- Avaliar os proxectos executados.
- Facilitar e difundir información sobre o emprego e o desenvolvemento local, a través da súa organización, sistematización e divulgación entre os axentes de emprego e desenvolvemento local, as escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e as entidades interesadas no desenvolvemento local e na creación de emprego.






DATOS XERAIS DO PROXECTO UPD 2006-2008



DATOS XERAIS DO PROXECTO UPD 2006-2008


A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo foi promovida por esta entidade pública e cofinanciada polo Fondo Social Europeo e a Consellería de Traballo.

Nº de expediente**FM350B/3600036/06****Entidade promotora****Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo****Denominación****UPD 2006-2008****Sede****Avda. Hispanidade, 17. 36203 – Vigo****Data de inicio****13 de decembro de 2006****Data de finalización****12 de decembro de 2008**





COMPOSICIÓN DO EQUIPO DA UPD



COMPOSICIÓN DO EQUIPO DA UPD

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo conformada por un equipo interdisciplinar distribuído nos seguintes departamentos:




Na data de finalización do proxecto, 12 de decembro de 2008, formaban parte da Unidade as seguintes persoas:

Nome	Posto	Alta na UPD	Baixa na UPD
Pousa Arbones, Zara	Directora	13-12-06	12-12-08
Troitiño Dapena, Xulio	Técnico de emprego	13-12-06	12-12-08
Pérez Saldaña, Andrea	Técnica en investigación	17-06-08	12-12-08
Martínez Rodríguez, Silvana	Técnica en formación e inserción	13-12-06	12-12-08
Aguado López, Rosa	Arquitecta	06-03-07	12-12-08
González de la Cuesta, Blanca	Técnica en informática	13-12-06	12-12-08
López Walliser, Julio Antonio	Técnico en comunicación	13-12-06	12-12-08
Díaz Martínez, Natalia	Persoal de apoio en informática	01-06-07	12-12-08
Domínguez Paz, Carmen	Persoal de apoio en administración	13-12-06	12-12-08
Reino Grandal, Mar	Persoal de apoio en administración	13-02-08	12-12-08


Igualmente formaron parte do equipo da UPD as seguintes persoas:

Nome	Posto	Alta na UPD	Baixa na UPD
Alonso Rey, María	Persoal de apoio en informática	13-12-06	31-05-07
Álvarez González, Begoña	Persoal de apoio en administración	13-12-06	31-12-07
Romero Bello, Angeles	Técnica en investigación	13-12-06	25-05-08





ESTRATEGIA E ÁREAS DE TRABALLO



ESTRATEGIA E ÁREAS DE TRABAJO

En relación á estratexia desenvolvida durante estes dous anos, hai que destacar que, as dúas áreas de traballo nas que se traballaron, **ÁREA DE DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO** e **ÁREA DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO**, pretenderon potenciar o desenvolvemento sostible e mellorar as posibilidades de inserción laboral das persoas desempregadas a través da investigación, a planificación, o deseño, o apoio e a dinamización, a avaliación e a difusión da información de proxectos e programas de desenvolvemento en xeral e sobre os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, en particular.



Estas áreas de traballo, interrelacionadas entre si, conformáronse en torno a catro medidas executadas a través de diferentes accións, produtos ou servizos.

En termos xerais e co obxectivo de mellorar a empregabilidade e a inserción dos demandantes de emprego, o proxecto de UPD 2006-2008:

- Promoveu a coordinación de axentes e do tecido asociativo local de cara á promoción dos recursos territoriais e a elaboración de proxectos integrais de desenvolvemento e iniciativas que promoveran a dinamización socioeconómica e a xeración de emprego.
- Colaborou de forma estable coa rede de axentes de emprego e desenvolvemento local, a través dos servizos de asistencia na que estes participan.
- Colaborou co Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo no ámbito da mellora dos seus servizos e na atención de iniciativas empresariais e de autoemprego.
- Promoveu recursos, servizos e metodoloxías de traballo destinadas á busca de emprego dos colectivos de desempregados, e especialmente das persoas procedentes de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Deseñou, en colaboración coas entidades promotoras, proxectos de desenvolvemento local, de escolas obradoiro e obradoiros de emprego tratando de vincularlos coa realidade socioeconómica de cada territorio.

- Realizou accións de apoio, dinamización e avaliación dos programas e proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego que se desenvolveron na provincia de Pontevedra, promovendo actuacións de carácter xeral e específicas.
- Realizou accións de sensibilización e información sobre os fins e características dos programas de emprego-formación, igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e sobre o uso das novas tecnoloxías da información.

Investigación e planificación

Co obxectivo de poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio determinado, a través desta medida, impulsáronse accións dirixidas á prospección dos recursos e das necesidades do territorio, á cooperación co tecido institucional, asociativo e empresarial local, AEDLs e responsables de emprego das administracións locais para que promoveran o xurdimento de ideas e iniciativas.

Servizo de Información territorial

Obxectivo: Servir de base informativa, en termos territoriais e socioeconómicos, aos diferentes actores sociais que actúan no territorio.

Para o desenvolvemento dos seguintes produtos, realizouse de forma continuada durante toda a UPD, unha recollida de datos exhaustiva a través de diferentes tarefas, tales como a actualización das estatísticas secundarias, o deseño de novas bases de datos e a elaboración de enquisas ou documentos dirixidos a determinadas entidades e actores do territorio.

Os produtos executados foron:

■ Web do SIT

Publicación en WEB de datos e mapas elaborados pola UPD das principais estatísticas sobre territorio, poboación, mercado de traballo e parámetros de desenvolvemento. Nesta web pódense visualizar:

- unha cartografía temática predefinida do espazo xeográfico da Mancomunidad de Vigo, asociada e elaborada a partir dos de diferentes datos estatísticos.
- bases de datos estatísticas con información previamente tratada e desagregada polo equipo da UPD sobre realidade socioeconómica de cada concello da MAIV.


A información estatística que se atopa neste sitio fai referencia ás seguintes temáticas:

- Territorio: no que se fai referencia ao encadre territorial do concello, estrutura territorial do concello, recursos naturais e medio ambiente equipamentos, recursos culturais.
- Poboación: apartado que ofrece información sobre efectivos poboacionais, estrutura da poboación, movemento natural da poboación, movementos migratorios.
- Mercado de traballo.
- Economía: ofrece datos sobre o sector primario, secundario e terciario e recursos para o desenvolvemento.

■ **Boletín de Cifras Básicas**

Publicación anual que ofrece unha análise das principais variables socioeconómicas dos concellos que compoñen a Mancomunidad de Vigo e que fan referencia a poboación, territorio e economía.

Durante esta UPD editáronse dous números correspondentes aos anos 2006 e 2007.



- **Boletín do mercado de traballo:** Publicación semestral que ofrece unha análise das principais variables do mercado de traballo dos concellos da Mancomunidad de Vigo: características da poboación maior de 16 anos, paro rexistrado, ocupación e sector empresarial.

Editouse un boletín en cada unha das fases nas que estivo dividido o proxecto de UPD, facendo referencias a datos estatísticos do 2º semestre de 2006, 1º semestre de 2007, 2º semestre de 2007 e 1º semestre de 2008.



Cooperación con entidades para a investigación

Obxectivo: Fortalecer mecanismos de colaboración e coordinación coas persoas implicadas no desenvolvemento do territorio, a través do intercambio de información e da utilización de metodoloxías participativas para unha planificación estratéxica das súas actuacións.

A UPD estableceu canles de cooperación cos diferentes axentes que actúan no territorio a través de diferentes mecanismos:

Por unha banda, e a nivel da Mancomunidad de Vigo, colaborouse a través do intercambio de información, realizando estudos concretos do seu territorio e avaliando determinados servizos coa rede de AEDLs que existe na Mancomunidad de Vigo, e co persoal técnico doutros proxectos de desenvolvemento local e emprego (SAE-MAIV, Proder II, Conta con Elas). E pola outra, e a nivel do resto da provincia de Pontevedra, colaborouse con diferentes entidades (CCOO, Centro de Adultos de Vigo, FAIMEVI, Vicepresidencia da Xunta de Galicia) facilitándolles información solicitada por elas en temas relativos a estatísticas do territorio.

Ademais, e de maneira experimental, participouse coa rede de axentes de emprego da Mancomunidade de Vigo nunha proba piloto de investigación no concello de Mos, coa aplicación da metodoloxía de investigación acción participativa (IAP) que propuxo unha análise da realidade como unha forma de coñecemento e sensibilización da propia poboación co obxectivo de:

- Incorporar aos diferentes actores locais e sociedade civil aos procesos de deseño de plans estratéxicos, programas e proxectos adaptados ás características reais do territorio.
- Xerar procesos de cambio e transformación social desde a base, fomentando a participación de todos os suxeitos implicados no desenvolvemento do territorio.
- Potenciar a cultura participativa e actitudes comunitarias que favorezan traballar en prol de obxectivos comúns esquecendo a busca de beneficios individuais.

Na IAP aplicáronse técnicas, ferramentas e instrumentos básicos, tanto cualitativos como cuantitativos, de traballo de campo que favoreceron a participación da cidadanía, e que deron como resultado a realización dun diagnóstico exhaustivo en materia de desenvolvemento sostible no concello, establecendo uns obxectivos a cumprir e unha batería de propostas de actuación a realizar para acadar ditos obxectivos.

E por último, cooperouse de forma puntual, con diversas entidades da provincia de Pontevedra co obxecto de apoialas na elaboración das súas propias estratexias e proxectos, ofrecéndolles información sobre estatísticas do territorio, datos sobre formación e análise sobre os contidos de determinadas accións ou especialidades formativas.


Banco de ideas

Obxectivo: Ofrecer aos diferentes actores sociais unha batería de ideas de proxectos de desenvolvemento local e emprego-formación levados a cabo noutros territorios.


A través da web da UPD ofrécese unha relación de proxectos e accións de desenvolvemento local postos en marcha en diferentes zonas xeográficas que constitúen exemplos de boas prácticas e que poden resultar de interese para aquelas entidades que queiran deseñar e pór en marcha os seus propios proxectos.

O Banco de Ideas, dispoñible a través da web da UPD, conta con dúas seccións diferenciadas: proxectos de desenvolvemento local e escolas obradoiro e obradoiros de emprego. En ambos casos, o banco ten definidos varios campos de datos: nome do proxecto, quen o promove e que socios participan nel, público destinatario, obxectivos que se perseguen, etc. Ademais fíxose un pequeno resume da acción ou proxecto, estableceuse que elementos innovadores incorporan, como se financiou, e que principais resultados acadaron e con qué dificultades se atoparon á hora de executalo.

- **Banco de ideas de proxectos de desenvolvemento local:** no que se poden atopar ideas de accións desenvolvidas nunha ampla gama de campos de actuación: creación de empresas, formación, turismo, conciliación da vida laboral e familiar, medio ambiente, patrimonio, etc.



- **Banco de ideas de proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego:** ofrécese exemplos destes proxectos executados, e que dalgunha maneira son innovadores non so polas características das súas especialidades, senón polas entidades que os promoveron, o colectivo ao que estaban destinadas, a forma de executalos, etc.



Apoio e dinamización

Os obxectivos desta medida foron, por unha banda, dar resposta ás necesidades e demandas das entidades promotoras de proxectos de desenvolvemento local e formación-emprego no asesoramento e deseño deste tipo de proxectos e, pola outra, colaborar con elas de cara á dinamización e posta en valor do seu territorio, á xeración de dinámicas de traballo que permitan a implantación de procesos que faciliten un desenvolvemento equitativo e sostible económica, cultural e socialmente e o apoio, ofrecendo ferramentas e metodoloxías de traballo, para a mellora da empregabilidade das persoas desempregadas.

Asesoramento, deseño de proxectos e redacción de estudos específicos

Obxectivo: Potenciar o desenvolvemento local e a creación de emprego na Mancomunidad de Vigo asesorando ás entidades locais para a execución de determinados proxectos.

Dar resposta ás demandas das entidades para o asesoramento e o deseño de proxectos de desenvolvemento local e emprego adaptados aos recursos do territorio.

Para executar esta acción a UPD desenvolveu o seu traballo a través de catro vertentes:

- Realización de estudos territoriais concretos para incorporalos a proxectos máis amplos ou para xustificar e executar os mesmos.
- Asesoramentos e realización e informes ou estudos de viabilidade específicos para proxectos vinculados coa recuperación patrimonial ou natural, posta en valor dos recursos endóxeos, proxectos sobre formación, etc.
- Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de desenvolvemento local.
- Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

■ **Estudos territoriais**

- Elaboración dun informe estatístico sobre a futura área metropolitana co obxecto de delimitar as variables estatísticas en función do número de concellos a integrarse nesta área.
- Elaboración dunha memoria sobre as características institucionais da Mancomunidad de Vigo e perfil socioeconómico da súa área.
- Estudio socioeconómico do concello de Baiona.
- Estudio socioeconómico do concello de A Estrada.
- Estudio socioeconómico do concello de A Guarda.
- Estudio socioeconómico do concello de A Lama.
- Estudio socioeconómico do concello de Barro.
- Estudio socioeconómico do concello de Forcarei.
- Estudio socioeconómico do concello de Marín.
- Estudio socioeconómico do concello de Mos.
- Estudio socioeconómico do concello de Nigrán.
- Estudio socioeconómico do concello de O Covelo.
- Estudio socioeconómico do concello de O Rosal.
- Estudio socioeconómico do concello de Pontearreas.
- Estudio socioeconómico do concello de Pontevedra.
- Estudio socioeconómico do concello de Redondela.
- Estudio socioeconómico do concello de Rodeiro.
- Estudio socioeconómico do concello de Salceda de Caselas.
- Estudio socioeconómico do concello de Silleda.
- Estudio socioeconómico do concello de Tomiño.
- Estudio socioeconómico do concello de Vigo.
- Estudio socioeconómico do concello de Vilaboa.
- Estudio socioeconómico do concello de Vilagarcía.

■ **Asesoramentos, informes ou estudos de viabilidade específicos**

- Estudo previo para a posta en marcha do servizo de información turística da Mancomunidad de Vigo financiado polo programa Proder II.
- Asesoramento ao concello de Pazos de Borbén para a adaptación ás esixencias da Confederación Hidrográfica dun proxecto de recuperación medioambiental dunhas pozas dese concello, financiado polo programa Proder II.
- Asesoramento aos AEDLs de Nigrán, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes na definición de proxectos de formación e emprego que a entidade local quería promover facilitándolle datos socioeconómicos e asesoramento na elaboración de plan formativos e plans experimentais de emprego.
- Análise do estado actual da web institucional da MAIV co obxecto de iniciar un proceso de reestruturación da mesma.
- Apoio a entidade promotora na revisión das normas e documentos de seguridade para cumprir a Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD) nas accións e proxectos que a UPD ten en marcha.

■ **Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de desenvolvemento local e emprego**

- Apoio na redacción do plan estratéxico zonal a presentar polo Grupo de Acción Costeira (GAC Ría de Vigo - Baixo Miño) conforme a orde para a selección de asociacións para outorgarlles o recoñecemento de entidade colaboradora da Consellería de Pesca para a posta en marcha de accións de desenvolvemento de zonas costeiras.

- Apoio a Asociación para o Desenvolvemento Rural MAIV - Baixo Miño na dinamización das mesas sectoriais e na redacción do proxecto de desenvolvemento rural a presentar para a selección e o recoñecemento deste grupo como colaborador na xestión do programa LEADER 2007-2013 cofinanciado con FEADER.
- Redacción do proxecto de Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2008-2010 para a Mancomunidade de Vigo dentro da convocatoria de axudas e subvención para o programa de escolas obradoiro e casas de oficio, de obradoiros de emprego e de unidade de promoción e desenvolvemento da Consellería de Traballo.
- Redacción do proxecto para a solicitude dun programa de cooperación da Consellería de Traballo para a posta en marcha dunha rede de Bancos do Tempo na Mancomunidade de Vigo.
- Redacción do proxecto de solicitude e posterior renovación de subvención de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local para a Mancomunidade de Vigo, conforme a orde da Consellería de Traballo que as regula.
- Dixitalización do sendeiro das Greas a través dun traballo de campo exhaustivo no que se recompilaron ademais os recursos turísticos adxacentes co obxecto de polo a disposición dos usuarios a través da web do Sistema de Información Turística.


■ **Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego**


O servizo de asesoramento colaborou co persoal das entidades promotoras deste tipo de proxectos para subministrar toda a información necesaria á hora de redactalos co obxecto de garantir que as propostas se adaptaran ás características do territorio, asegurar a calidade da formación e fomentar a orientación destes proxectos cara á inserción laboral do alumnado traballador.


Este servizo posto en marcha coas directrices establecidas pola Sección de Escolas obradoiro da Consellería de Traballo ofreceu as seguintes actividades:


- Apoio na redacción de proxectos de obra ou servizo.
- Elaboración de plans formativos e adaptación da obra ou servizo a ditos plans.
- Elaboración de memorias socioeconómicas e doutros documentos técnicos.
- Elaboración dos orzamentos de solicitude de subvención no que se refire a gastos de persoal e de funcionamento.
- Deseño gráfico e maquetación.

Durante os dous anos que durou a UPD colaborouse con diferentes entidades asesorando e redactando un total de 24 proxectos de escolas obradoiro ou obradoiros de emprego, tal e como se presenta a continuación:



Nome do proxecto:		OE ERIZANA	
Entidade promotora: CONCELLO DE BAIONA		Entrega do proxecto:	12/04/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Pavimentación do contorno da Igrexa de Santa Liberata. 2. Acondicionamento da planta baixa da praza de abastos para centro multiusos. 3. Restauración de torre de reloxio. 4. Acondicionamento de rotondas do concello. 5. Axardinamento do entorno da casa de María Carvajal (xardín do Pinzón). 6. Cambio da Cuberta da Casa da Cultura. 7. Restauración da fonte dos mortos.		
Destino da obra ou servizo:	As obras pretenden acondicionar espazos públicos e edificios municipais para uso e desfrute da cidadanía e visitantes do concello.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Cantaría 3. Fontanaría-Electricidades 4. Xardinaría		
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	48
Data prevista de inicio	30/06/2007	Data de inicio definitiva:	30/06/2007
Traballos realizados:			
- Formularios de solicitude: Redactado pola Upd - Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd - Plan formativo: Redactado pola Upd - Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora - Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		OE CAMIÑOS DE MOS	
Entidade promotora: CONCELLO DE MOS		Entrega do proxecto:	13/04/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Nova instalación de electricidade nos Colexios públicos (C.E.I.P): Pena de Francia e Mestre Valverde Maio. 2. Acondicionamento e axardinamento do contorno da Escola de Coto Torrón coa creación de camiños, chanzos de escaleira e rampas con lousas de pedra. 3. Acondicionamento e axardinamento no contorno da Igrexa de Cela. 4. Rehabilitación dos vestiarios do campo de fútbol de Coto Torrón. 5. Ampliación do ximansio para almacén no Colexio Petelos. 6. Almacén no Colexio Atín.		
Destino da obra ou servizo:	Coto Torrón: Ludoteca, gardería, xardín e zona de xogos. Contorno da igrexa de Cela: destinado aos usuarios da área recreativa. CEIP: destinado a docentes, alumnado e persoas usuarias dos Colexios.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Electricidade 3. Xardinaría		
			
Alumnado previsto	45	Alumnado aprobado en resolución:	45
Data prevista de inicio	30/06/2007	Data de inicio definitiva:	30/06/2007
Traballos realizados: - Formularios de solicitude: Redactado pola Upd - Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd - Plan formativo: Redactado pola Upd - Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora - Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE ESCOLA DE LEBOSO	
Entidade promotora: CONCELLO DE FORCAREI		Entrega do proxecto:	11/04/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	Creación dunha horta ecolóxica.		
Destino da obra ou servizo:	Os produtos resultantes do proceso de cultivo de ambas especialidades, horticultura e fruticultura, en parte será doada a centros e organismos públicos da zona e o resto á venda tanto en feiras da comarca como a consumidores locais.		
Especialidades	1. Horticultura ecolóxica 2. Fruticultura ecolóxica		
			
Alumnado previsto	30	Alumnado aprobado en resolución:	30
Data prevista de inicio	29/12/2007	Data de inicio definitiva:	05/12/2007
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude:		Redactado pola Upd	
– Estudo socioeconómico:		Redactado pola Upd	
– Plan formativo:		Redactado pola Upd e a Fundación Galicia Verde	
– Proxecto de obra ou servizo:		Redactado pola Fundación Galicia Verde co apoio da Upd	
– Orzamento de subvención:		Redactado pola Upd	


Nome do proxecto: EO MAR DE VIGO IV			
Entidade promotora: CONCELLO DE VIGO		Entrega do proxecto:	22/06/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Construción por técnicas tradicionais dunha dorna de tope. 2. Construción en madeira laminada dunha embarcación a vela. 3. Confección de velas. 4. Acastillaxe das embarcacións do proxecto. 5. Mantemento e reparación das embarcacións do concello. 6. Aulas de mar con escolares. 7. Asistencia a encontros de embarcacións tradicionais.		
Destino da obra ou servizo:	Uso por parte do concello		
Especialidades	1. Actividades náuticas. 2. Carpintería de riveira. 3. Constución naval e laminados de madeira.		
Alumnado previsto	45	Alumnado aprobado en resolución:	40
Data prevista de inicio	27/12/2007	Data de inicio definitiva:	28/12/2007
Traballos realizados: - Formularios de solicitude: Redactado pola Upd - Estudo socioeconómico: Redactado polo persoal da EO Mar de Vigo IV - Plan formativo: Redactado polo persoal da EO Mar de Vigo IV en colaboración coa Upd - Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora - Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		OE ENCONTRO	
Entidade promotora: FUNDACION ÉRGUETE		Entrega do proxecto:	10/07/2008
		Proxecto aprobado:	NO
Obra ou servizo:	Cosntrucción dun centro de uso múltiples e un centro de culto.		
Destino da obra ou servizo:	Para ser empregado polas persoas usuarias do centro penitenciario.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría 3. Fontanaría e electricidade		
			
Alumnado previsto	60	Alumnado aprobado en resolución:	—
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	—
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE CONCELLO VELLO DE SALCEDA	
Entidade promotora: CONCELLO DE SALCEDA		Entrega do proxecto:	11/07/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Rehabilitación da Casa do Concello. 2. Rehabilitación do Cámara Agraria. 3. Axardinamento do CRA Raíña Aragonte. 4. Axardinamento do parque do Torrón.		
Destino da obra ou servizo:	A Casa do Concello ten previsto a súa utilización como Casa da Cultura, Biblioteca e OMIX (Oficina municipal de información xuvenil) e a Cámara Agraria ten previsto o seu destino como Viveiro de Empresas.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Cantaría 3. Carpintaría 4. Xardinaría		
			
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	30
Data prevista de inicio	27/12/2007	Data de inicio definitiva:	27/12/2007
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		EO ZONA MONUMENTAL DE PONTEVEDRA	
Entidade promotora: SEMINARIO DE ESTUDIOS CARLOS VELASCO		Entrega do proxecto:	16/07/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	No caso da especialidade “Animación no lecer e no consumo responsable”, as unidades de servizo pretenden incidir nas persoas consumidoras co gallo de lograr que opten por un consumo e un uso do tempo libre socialmente responsable. Na especialidade de “Deseño creativo” desempeñarían, dous tipos de labores: 1. Realización de todo o deseño gráfico dos materiais divulgativos e promocionais elaborados das outras especialidades. 2. Realización do deseño, contidos e mantemento dunha páxina web dedicada a promoción e divulgación dos distintos eventos e actividades organizadas dentro da escola. Na especialidade de “Dinamización comercial” levarase a cabo actividades dirixidas a converter o casco vello de Pontevedra en centro de ocio e punto de encontro social. E por outra banda, dinamizar o tecido comercial do Centro Comercial Urbano planificando actividades na rúa.		
Destino da obra ou servizo:	O destino dos produtos resultantes deste proxecto é público dado que os e as beneficiarias son a propia cidadanía pontevedresa, en concreto as persoas consumidoras do Centro Comercial Urbano, ademais de toda aquela persoa que se achegue a participar das actividades que se desenvolvan nas rúas da Zona Monumental de Pontevedra e nos centros educativos e asociacións.		
Especialidades	1. Animación no lecer e no consumo responsable 2. Deseño creativo 3. Dinamización comercial		
Alumnado previsto	45	Alumnado aprobado en resolución:	30
Data prevista de inicio	27/12/2007	Data de inicio definitiva:	Non se puxo en marcha
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd con colaboración do Seminario de Estudios Carlos Velasco – Proxecto de obra ou servizo: Redactado polo Seminario de Estudios Carlos Velasco coa colaboración da Upd – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			



Nome do proxecto:		OE VILABOA II		
Entidade promotora: CONCELLO DE VILABOA		Entrega do proxecto:	12/07/2007	
		Proxecto aprobado:	SI	
Obra ou servizo:	1. Rehabilitación e recuperación da segunda fase dos muíños e senda turística ó longo do Río Maior. 2. Reforma do baixo do Centro de Saúde do Toural para aparcadoiro de coches do concello. 3. Rehabilitación dos antigos vestiarios para servizos do parque do Río Maior. 4. Mantemento da canteira do Alto das Lapas, do parque de Río Maior, e senda actuais. 5. Reforma do palco de postemirón para local social.			
Destino da obra ou servizo:	Uso para a cidadanía.			
Especialidades	1. Cantaría 2. Carpintaría 3. Traballo forestal			
Alumnado previsto		36	Alumnado aprobado en resolución:	30
Data prevista de inicio		27/12/2007	Data de inicio definitiva:	05/12/2007
Traballos realizados:				
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd				


Nome do proxecto:		OE MARÍN II	
Entidade promotora: CONCELLO DE MARÍN		Entrega do proxecto:	16/07/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Consolidación da Finca de Briz e construción dun invernadorio. 2. Reforma dos vestiarios, cambio de cuberta e peche do Campo de Fútbol de San Pedro. 3. Remodelación da Praza da Veiguiña. 4. Instalación de Enerxía Solar Térmica na Piscina municipal, Polideportivo e Campo de Fútbol. 5. Instalación de Enerxía Solar Fotovoltaica no Mercado de Abastos.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Cantaría 2. Albanelaría 3. Xardinaría 4. Enerxías renovables		
			
Alumnado previsto	46	Alumnado aprobado en resolución:	34
Data prevista de inicio	30/12/2007	Data de inicio definitiva:	28/12/2007
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE MANUEL B. PORTELA V	
Entidade promotora: CONCELLO DE A GUARDA		Entrega do proxecto:	10/09/2007
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Acondicionamento da Praza de Salcidos. 2. Acondicionamento da Fonte A Bisorca. 3. Acondicionamento do Paseo Marítimo. 4. Acondicionamento da Praza entre a Rúa Galicia e a Rúa Longra. 5. Rehabilitación da Fonte do Castro. 6. Rehabilitación do Lavadoiro de Camposancos. 7. Carpintaría interior de madeira nas instalacións deportivas: clube de remo e ximnasio. 8. Mellora da Praza de San Benito.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Xardinaría 2. Cantaría 3. Carpintaría 4. Axuda a domicilio 		
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	32
Data prevista de inicio	27/12/2007	Data de inicio definitiva:	05/12/2007
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE CONCELLO DE RODEIRO	
Entidade promotora: CONCELLO DE RODEIRO		Entrega do proxecto:	14/07/2008
		Proxecto aprobado:	PENDENTE
Obra ou servizo:	1. Posta en marcha dun servizo de axuda a domicilio. 2. Rehabilitación da casa escola de A Latiza. 3. Rehabilitación da casa escola de Santa Baia. 4. Mellora da instalación de fontanería e electricidade da casa escola de Río.		
Destino da obra ou servizo:	As casas escola de A latiza e Santa Baia destinaranse para o uso veciñal. A casa escola de Río para centro de formación ocupacional.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Instalación fontanería e electricidade 3. Axuda a domicilio		
Alumnado previsto	39	Alumnado aprobado en resolución:	—
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	—
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE PONTE DA PEDRA I	
Entidade promotora: CONCELLO DE SILLEDA		Entrega do proxecto:	08/05/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Recuperación da senda peonil en ámbalas marxes do río Toxa. 2. Creación dunha área recreativa no marxe esquerdo do río Toxa. 3. Recuperación das pontes: Pedra Vello, Paulino, Gamil, Taboeiros, Fonteboa Outeiriños e Graba. 4. Recuperación do muíño de Covián. 5. Instalación eléctrica nos locais sociais das Parroquias de Lamelas e Maduas e no parque das Pedrosas.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía		
Especialidades	1. Electricidade 2. Cantaría 3. Carpintaría 4. Traballo forestal		
Obradoiro de emprego Ponte da Pedra I Concello de Silleda Documentación Proxecto de obra   Unidade de Promoción e Desenvolvemento Municipalística do Área Intercomunal do Vigo			
Alumnado previsto	40	Alumnado aprobado en resolución:	25
Data prevista de inicio	22/12/2008	Data de inicio definitiva:	29/12/2008
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE A ESTRADA VI	
Entidade promotora: CONCELLO DE A ESTRADA		Entrega do proxecto:	22/02/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Rehabilitación das Escolas Unitarias nas parroquias de Rivela, Somoza, Remesar, Santeles e San Miguel de Castro. 2. Instalación de fontanería e paneis solares para a produción de AQS e calefacción no campo de fútbol e no Pavillón Coto Ferreiro. 3. Acondicionamento da 2ª planta do anexo do Teatro-Auditorio.		
Destino da obra ou servizo:	Revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría 3. Fontanería – Solar térmica 4. Electricidade 5. Xardinaría		
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	38
Data prevista de inicio	30/06/2008	Data de inicio definitiva:	30/06/2008
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		EO CONCELLO VILAGARCIA VI	
Entidade promotora: CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA		Entrega do proxecto:	27/02/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Reforma da Casa do mestre para Centro veciñal no Pedroso – Bamio. 2. Obras de finalización na Sede de A Lomba. 3. Instalacións de fontanería e electricidade nunha Praza. 4. Instalacións de paneis solares para produción de AQS e calefacción en pavillóns deportivos e Matosiños.		
Destino da obra ou servizo:	Revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Fontanería – Solar térmica 3. Electricidade 4. Carpintaría		
			
Alumnado previsto	40	Alumnado aprobado en resolución:	40
Data prevista de inicio	30/06/2008	Data de inicio definitiva:	01/07/2008
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude:		Redactado pola Upd	
– Estudo socioeconómico:		Redactado pola Upd	
– Plan formativo:		Redactado pola Upd	
– Proxecto de obra ou servizo:		Redactado pola entidade promotora	
– Orzamento de subvención:		Redactado pola Upd	

Nome do proxecto:		OE VILA DO CORPUS II	
Entidade promotora: CONCELLO DE PONTEAREAS		Entrega do proxecto:	06/03/2008
		Proxecto aprobado:	PENDENTE
Obra ou servizo:	1. Recuperación do Patrimonio etnográfico: lavadoiros e fontes. 2. Recuperación da Fonte na rúa Real. 3. Acondicionamento da escola unitaria de Bugarín. 4. Recuperación do Patrimonio natural ao longo do río Tea coa creación dun paseo fluvial e área recreativa. 5. Creación dun viveiro natural de plantas autóctonas a carón do río (xestas, carriza, mirto, árnica, etc.).		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Cantaría 2. Albanelaría 3. Traballo forestal 4. Carpintaría		
Alumnado previsto	36	Alumnado aprobado en resolución:	—
Data prevista de inicio	30/06/2008	Data de inicio definitiva:	—
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		OE NIGRÁN II	
Entidade promotora: CONCELLO DE NIGRÁN		Entrega do proxecto:	28/02/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Rehabilitación da Escola unitaria no barrio de Ceán. 2. Rehabilitación da Casa do conserxe do CEIP Humberto Juanes. 3. Reforma dos vestiarios de Pavillón polideportivo de Panxón. 4. Reforma das instalacións do Centro Cultural I de Cotros.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría 3. Instalación fontanaría e electricidade		
			
Alumnado previsto	44	Alumnado aprobado en resolución:	36
Data prevista de inicio	30/06/2008	Data de inicio definitiva:	30/06/2008
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		OE SANTIAGO APÓSTOL	
Entidade promotora: CONCELLO DE BARRO		Entrega do proxecto:	29/02/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Rehabilitación do Pazo de San Antoniño. 2. Acondicionamento da Praza de San Marco. 3. Acondicionamento do contorno de San Antoniño. 4. Mantemento e reparación das instalacións eléctricas en edificios municipais.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría 3. Electricidade 4. Xardinaría		
Alumnado previsto	50	Alumnado aprobado en resolución:	30
Data prevista de inicio	30/06/2008	Data de inicio definitiva:	30/06/2008
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd en colaboración coa entidade promotora – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			


Nome do proxecto:		OE COVELO NATURA SOSTIBLE AQA	
Entidade promotora: CONCELLO DE O COVELO		Entrega do proxecto:	10/07/2008
		Proxecto aprobado:	PENDENTE
Obra ou servizo:	1. Restauración de seis muíños. 2. Mantemento do contorno dos muíños. 3. Rehabilitación do antigo matadoiro para apoio a actividades de educación ambiental. 4. Creación de ecosendeiros e posta en valor do camiño Real. 5. Restauración ambiental da conca do río Alen e do Foxo do lobo de Maceira.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Cantaría 2. Carpintaría 3. Traballo forestal - viveirismo 4. Electricidade - enerxía minihidráulica		
			
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	—
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	—
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		PONTE DA TAMUXE	
Entidade promotora: CONCELLO DE O ROSAL		Entrega do proxecto:	10/07/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Rehabilitación das escola unitarias de San Miguel de Tabagón e San Xián. 2. Remate da rehabilitación da escola unitaria de San Bartolomé de Eiras. 3. Restauración dos lavadoiros de Portecelo e San Xián. 4. Adecuación ambiental do controno da desembocadura do río Tamuxe.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría 3. Traballo forestal		
			
Alumnado previsto	45	Alumnado aprobado en resolución:	25
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	29/12/2008
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		EO VIGOZOO	
Entidade promotora: CONCELLO DE VIGO		Entrega do proxecto:	07/07/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	O proxecto ten por finalidade o acondicionamento de algunhas instalacións do zoo de Vigo, que debido ao seu uso, presentan deficiencias ou carencias que deben ser subsanadas para permitir o seu óptimo funcionamento. As obras a desenvolver polas especialidades de albanelaría, fontanería/ electricidade, xardinaría e carpintaría metálica e PVC mellorarán: as instalacións para as especies animais, as instalacións de servizo, os servizos para os visitantes e os espazos vexetais cos que conta o zoo.		
Destino da obra ou servizo:	Para uso dos visitantes do zoo.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría metálica e PVC 3. Instalación fontanería e electricidade 4. Xardinaría		
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	30
Data prevista de inicio	01/12/2008	Data de inicio definitiva:	29/12/2008
Traballos realizados: - Formularios de solicitude: Redactado pola Upd - Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd - Plan formativo: Redactado pola Upd - Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora - Orzamento de subvención: Redactado pola UPD			

Nome do proxecto:		OE MARIN SOCIAL	
Entidade promotora: CONCELLO DE MARIN		Entrega do proxecto:	7/15/2008
		Proxecto aprobado:	PENDENTE
Obra ou servizo:	1. Aposta en marcha de dous servizos, un de atención de persoas dependentes residentes neste concello e con limitación na súa autonomía para a realización das tarefas de vida cotiá, contemplando tamén dous servizos externos de comedor sobre rodas e a tele-lavandaría. 2. Outro servizo Educación Infantil pretende dotar ao municipio de programas e servizos que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral das familias ofrecendo espazos educativos dirixidos ao coidado e á dinamización de nenos e a nenas de entre 0 e 6 anos en horarios nos cubertos polos centros de educación formal. 3. Desenvolvemento de diferentes labores de acondicionamento paisaxístico, mantemento de parques e mellora do axardinamentos de diferentes espazos verdes do concello de Marín, así como o cultivo de plantas de viveiro.		
Destino da obra ou servizo:	Destinado á cidadanía.		
Especialidades	1. Axuda a domicilio 2. Coidado infantil 3. Xardinaría - medio ambiente		
Obradoiro de emprego Marín Social Concello de Marín  Documentación Proxecto de obra e servizo    			
Alumnado previsto	45	Alumnado aprobado en resolución:	—
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	—
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: O proxecto de xardinaría foi redactado pola entidade promotora. O proxecto de servizo de atención a persoas dependentes e educación infantil foi redactado pola entidade promotora en colaboración coa Upd – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		OE UNION DEL PORVENIR	
Entidade promotora: CONCELLO DE TOMIÑO		Entrega do proxecto:	11/07/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	O proxecto ten por finalidade a rehabilitación a ampliación do antigo edificio “Unión del Porvenir” para destinalo a Casa da Cultura e o acondicionamento do seu contorno. A edificación preexistente reservarase como sala de usos múltiples mentres que na ampliación situaranse os aseos e locais para uso das asociacións do concello. Os traballos serán desenvolto polas especialidades de albanelaría, carpintaría, electricidade e xardinería.		
Destino da obra ou servizo:	O edificio destinarase para de diferentes asociacións de veciños.		
Especialidades	1. Alabnelaría 2. Carpintaría 3. Electricidade 4. Xardinaría		
			
Alumnado previsto	54	Alumnado aprobado en resolución:	25
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	29/12/2008
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude:		Redactado pola Upd	
– Estudo socioeconómico:		Redactado pola Upd	
– Plan formativo:		Redactado pola Upd	
– Proxecto de obra ou servizo:		Redactado pola entidade promotora	
– Orzamento de subvención:		Redactado pola Upd	

Nome do proxecto:		OE MOS SOSTIBLE	
Entidade promotora: CONCELLO DE MOS		Entrega do proxecto:	15/07/2008
		Proxecto aprobado:	PENDENTE
Obra ou servizo:	1. Acondicionamento de locais e equipamentos do concello. 2. Construción duns vestiarios no colexio de Sanguñeda. 3. Colocación de cadros de alumeado nas parroquias do concello e a instalacións de enerxía solar térmica. 4. Desenvolvemento dun programa de apoio a entidades de iniciativa social e/ou sen ánimo de lucro para a prestación dun servizo de axuda a domicilio.		
Destino da obra ou servizo:	Para uso da cidadanía.		
Especialidades	1. Albanelaría 2. Carpintaría 3. Electricidade 4. Fontanaría – Solar térmica 5. Axuda a domicilio		
Alumnado previsto	56	Alumnado aprobado en resolución:	—
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	—
Traballos realizados: – Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora. O proxecto de servizo de axuda a domicilio foi redactado pola entidade promotora en colaboración coa Upd – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Nome do proxecto:		OE MACEIRAS	
Entidade promotora: CONCELLO DE REDONDELA		Entrega do proxecto:	22/08/2008
		Proxecto aprobado:	SI
Obra ou servizo:	1. Construción de albergue xuvenil e espazos complementarios en San Estevo de Negros. 2. Creación dunha área recreativa en San Estevo de Negros. 3. Finalización das obras do centro de formación ocupacional.		
Destino da obra ou servizo:	Recuperación e revalorización de espazos públicos para a cidadanía.		
Especialidades	1. Cantaría – albanelaría 2. Carpintaría 3. Fontanería – solar térmica 4. Traballo forestal – medio ambiente		
			
Alumnado previsto	48	Alumnado aprobado en resolución:	25
Data prevista de inicio	29/12/2008	Data de inicio definitiva:	29/12/2008
Traballos realizados:			
– Formularios de solicitude: Redactado pola Upd – Estudo socioeconómico: Redactado pola Upd – Plan formativo: Redactado pola Upd – Proxecto de obra ou servizo: Redactado pola entidade promotora – Orzamento de subvención: Redactado pola Upd			

Así mesmo, iniciouse o asesoramento e redacción dos seguintes proxectos pero por diversas circunstancias a entidade promotora non finalizou o proceso de redacción e por conseguinte non se presentou á Consellería de Traballo:

- Concello de Mondariz
- Concello de Pontecesures
- Concello de As Neves
- Concello de Pazos de Borbén

Por outra banda, e con outro nivel de traballo, mantivéronse contactos con diferentes entidades promotoras asesorándoas e apoiándoas na redacción puntual dalgún documento específico para incorporar ao proxecto de escola ou obradoiro ou mesmo facilitándolles información ou revisando o redactado por eles:

- **Concello de A Coruña:** Solicitud de información sobre proxectos ou especialidades vinculados coa vida diaria.
- **Concello de Agolada:** Elaboración e envío de orzamento e plans formativos para obradoiro de emprego.
- **Concello de Bueu:** Asesoramento sobre novas especialidades para promover un obradoiro de emprego.
- **Concello de Cambados:** Envío do modulo de igualdade de xénero e sensibilización ambiental a introducir no proxecto de obradoiro de emprego.
- **Concello de Castrelo de Miño:** Envío de plans formativos vinculados con actividades náuticas e carpintería de ribeira.
- **Concello de Catoira:** Solicitud de revisión de plans formativos e orzamento do obradoiro de emprego para a convocatoria de xullo de 2007.
- **Concello de Cerdedo:** Envío de plans formativos para as especialidades dun obradoiro de emprego.
- **Concello de Cotobade:** Envío de contidos do módulo de Igualdade de xénero para un obradoiro de emprego.
- **Concello de Rois:** Elaboración de orzamento para obradoiro de emprego.
- **Concello de Valga:** Revisión de orzamento para obradoiro de emprego.
- **Concello de Vilagarcía:** Asesoramento sobre os cálculos dos salarios de persoal UPD.
- **Cooperativas de consumo de mulleres rurais de Vilagarcía:** Información sobre posibles especialidades para un obradoiro de emprego.
- **Padroado Municipal Beiramar de Moaña:** Envío de plans formativos correspondentes á formación complementaria a impartir nun obradoiro de emprego.

Accións para a mellora da inserción laboral e a empregabilidade

Obxectivo: Contribuír a mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas do ámbito da MAIV e a mellorar a empregabilidade do alumnado traballador dos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

■ Web de emprego

Apáxina web da UPD conta cun espazo dirixida ás persoas integrantes dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego a “**web de emprego**”, que está dotado de recursos e servizos esenciais para realizar unha busca activa de emprego. Partindo da realidade de que o seu uso precisa do seu coñecemento, e sabendo que unha das claves do logro dun posto de traballo está no manexo da maior información posible ao respecto, a UPD ofertou entre os diferentes proxectos que estiveron en activo durante estes dous anos unha **acción divulgativa dirixida ao alumnado traballador** na que se presentaron as características de dita web e a súa utilidade.

Durante a duración da UPD realizáronse as xornadas informativas nos seguintes proxectos:

- OE Vila do Corpus de Ponteareas.
- OE Pontecesures.
- OE Cotobade.
- OE VigoZoo.
- OE Erizana de Baiona.
- OE Camiños de Mos.
- OE Insértate de Cambados.
- EO Granxa da Rúa IV de Cangas.
- EO Hostalaría do Salnés.
- OE Concello Vello. Salceda de Caselas.
- OE Captoira de Catoira.
- OE Marín II.
- OE Nordés II.



Así mesmo e aproveitando a entrega do CD “Emprégame” tamén fíxose unha breve explicación dos contidos desta web no OE Escola de Leboso, OE Monteporreiro e OE Vilaboa II.

A sección de emprego da UPD, dispoñible a través da web: www.maiv.org/upd/emprego dispón de información dirixida a todas aquelas persoas que están nun proceso activo de busca dun posto de traballo, ofrecendo información dos pasos a seguir tanto na busca de emprego por conta allea como por conta propia.

Esta información ofrécese a través de tres apartados:

Actívate: sección que explica os pasos que se poden seguir na busca de emprego por conta allea ofrecendo as ferramentas necesarias para poder facelo, e todo o que se necesita para que unha persoa cree a súa propia empresa a través do enlace a páxina do SAE.

Conéctate ao emprego: ofrece os enlaces ás páxinas de internet mais relevantes sobre emprego e formación.

Localiza empresas: dispón dun directorio de empresas ao que se pode acceder segundo a especialidade cursada nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego e segundo a localización da empresa.



■ Campaña de sensibilización ao empresariado en igualdade de oportunidades

A campaña consistiu na distribución dun folleto entre máis de 300 empresas da provincia de Pontevedra para promover a contratación de mulleres capacitadas nas escolas obradoiro e obradoiros de emprego en oficios tradicionalmente masculinizados.

Elaborouse un folleto informativo sobre as características dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego incidindo na capacitación do alumnado traballador en xeral pero especialmente das mulleres co fin de romper cos esquemas tradicionais de contratación en postos de traballo masculinizados.

O folleto foi distribuído, inicialmente en colaboración cunha das accións desenvolvidas no proxecto Conta con Elas (iniciativa Equal) da Mancomunidade de Vigo, entre o empresariado do ámbito de actuación dos proxectos en marcha entre decembro de 2006 e xuño de 2007 de toda a provincia de Pontevedra, e entre o persoal directivo das escolas e obradoiros para facilitar o seu achegamento ás empresas. E a partir de aí, a distribución a realizou a UPD entre todos aqueles proxectos que estiveron en marcha durante a duración da UPD para que o persoal directivo destes os puideran empregar no seu achegamento ás empresas do seu ámbito de actuación de forma que tiveran un apoio gráfico para explicar a capacitación neste tipo de programas.

■ Tarxeta de empregabilidade “emprégame”

Outro dos produtos que a Unidade de Promoción e Desenvolvemento da MAIV desenvolveu no marco das accións para a mellora da inserción laboral e a empregabilidade, foi a tarxeta de empregabilidade denominada “Emprégame” coa que se pretendeu acadar un dobre obxectivo:

- Dotar ao alumnado traballador dunha ferramenta dixital que, por un lado, recompila toda aquela información básica e necesaria no seu proceso de busca dun emprego, tanto por conta allea como propia, unha vez finalizado o proxecto e en situacións de desemprego posteriores e, por outro, que lle permita aumentar as súas posibilidades de mellora profesional.



- Potenciar o uso das NITCs entre o alumnado traballador dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

O formato de “Emprégame” é unha unidade de almacenamento dixital (mini-CD) que foi programada informaticamente e deseñada polo equipo da UPD. Esta tarxeta foi entregada, nunha sesión informativa ao alumnado traballador dos proxectos interesados na mesma ao remate do mesmos. Así, recibiron esta ferramenta o alumnado traballador do OE Concello Vello de Salceda de Caselas, OE Captoria de Catoira, OE Marín II, OE Escola de Lebosos de Forcarei, OE Monteporreiro de Pontevedra, OE Vilaboa II e OE Poio III.

Os apartados nos que se estruturou a información foron os seguintes:

Lembra o teu proxecto: no que se ofrece unha descrición da obra ou servizo realizada durante o proxecto, na especialidade do alumno ou alumna traballadora, información sobre a formación recibida na súa especialidade e unha galería fotográfica das actuacións desenvolvidas.

Busca emprego por conta allea: inclúe consellos para a busca de emprego.

- Conéctate ao emprego: relación de páxinas web nas que se pode consultar ofertas de traballo das empresas e entidades privadas, administración pública (oposicións ou ofertas de emprego que convocan as administración locais, provinciais e/ou autonómica) e Eures Norte de Portugal-Galicia.
- Directorios de empresas: listado de empresas relacionadas coa súa especialidade situadas na provincia de Pontevedra e na zona norte de Portugal.
- Fomento da contratación: explicación do que son as axudas e bonificacións á contratación de interese para o alumnado traballador e direccións de interese para informarse.

Crea a túa empresa: inclúe información sobre que é ser unha persoa emprendedora e os criterios para que unha idea empresarial sexa viable, unha explicación do que é un plan de empresa e consellos sobre como deseñar o mesmo, explicación das posibles formas xurídicas de creación dunha empresa e un relatorio da rede de axentes de desenvolvemento local da provincia de Pontevedra.

Séguese formando: apartado no que se recompila información respecto a educación de adultos (ESO, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior e escolas Mentor), a formación ocupacional e continua.

Certifica a túa profesionalidade: faise unha explicación do que é o certificado de profesionalidade, como se pode acceder a el, etc.

■ Material de apoio no proceso de formación do alumnado traballador

Durante esta UPD, e aproveitando o material editado en anteriores proxectos de UPD que a Mancomunidade de Vigo puxo en marcha, distribuíronse entre todos aqueles proxectos que se puñan en marcha os seguintes materiais:

- Guía do orientador xestor “**Unha axuda cara a empregabilidade**”, ferramenta de apoio aos labores de orientación laboral que se imparte nos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego.
- Manual “**Sensibilizando cara a un traballo seguro**”: ferramenta de axuda na aplicación e cumprimento da normativa laboral vixente en materia preventiva, ademais dun instrumento válido e de sensibilización cara a actitudes e hábitos de traballo seguros e saudables.
- Guía de “**Clubs de emprego**”: ferramenta explicativa desta metodoloxía de traballo colectivo de cara a realización de diferentes actividades destinadas a favorecer a busca activa de emprego.

Ademais traballouse no deseño dos contidos de:

- Catálogo de formación complementaria. Froito dos diferentes contactos que a UPD mantivo cos equipos directivos e docentes das escolas obradoiro e obradoiros de emprego xurdiu a necesidade de ofrecer unha batería de novas ideas de formación adaptada ás necesidades do mercado laboral. Este catálogo, que está en fase de revisión por parte da Consellería de Traballo, pretende diversificar as accións de formación complementaria que se desenvolven nestes proxectos a maiores dos cinco módulos de obrigada inclusión segundo establece a orde que regula este tipo de programas.

■ **Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE)**

Como apoio ás actividades para a promoción da actividade empresarial, o técnico de emprego da UPD colaborou de forma puntual co SAE da Mancomunidad de Vigo resolvendo dúbidas puntuais das persoas usuarias deste servizo.

- Información e asesoramento dos trámites a realizar para a constitución dunha empresa: 2 proxectos.
- Asesoramento e información das consecuencias de pechar unha empresa beneficiaria de subvencións: 1 consulta.
- Información e apoio na redacción dun recurso contra a denegación dunha subvención: 4 consultas.
- Información sobre a documentación a presentar para a xustificación dunha subvención concedida: 4 consultas.
- Información sobre axudas de EMEGA: 4 consultas.
- Información sobre o estado dunha axuda solicitada á Consellería de Traballo: 1 consulta.

Outras das accións levadas a cabo no apoio a este servizo foi a actualización da súa base de datos sobre lexislación e subvencións á creación de empresas dispoñible a través do seu espazo web, co obxecto de que tanto as persoas emprendedoras como o persoal da rede de AEDLs tivera unha información actualizada e organizada para o seu emprego.



Avaliación

Un dos obxectivos da UPD, que se desenvolve a través da función de avaliación dos recursos cos que conta un territorio e dos proxectos en materia de emprego que se executan, é a de ofrecer unha serie de metodoloxías de traballo que melloren as posibilidades de inserción das persoas desempregadas.

Para acadar este obxectivo e centrándose en dous ámbitos de actuación, a UPD desenvolveu dúas accións: unha vinculada coa rede de axentes de emprego e desenvolvemento local e outra co programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Avaliación da rede de axentes de emprego e desenvolvemento local da Mancomunidade de Vigo

Obxectivo: Ofrecer, a través do coñecemento das necesidades da rede de AEDLs da Mancomunidade, estratexias, ferramentas e metodoloxías de traballo dirixidas a mellorar o servizo que presta o persoal técnico de cara a unha mellora da inserción laboral, tanto por conta propia como allea e da implantación das políticas activas de emprego relacionadas sobre todo coa promoción da iniciativa empresarial.

O persoal da UPD realizou unha análise das necesidades operativas de cada axente de emprego e desenvolvemento local da MAIV a través de entrevistas individuais e grupais ao persoal dos seguintes concellos que forman parte da rede: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Vigo.

O resultado desta avaliación foi a elaboración dun documento no que se reflectiu as necesidades existentes nos ámbitos da promoción do emprego, a intermediación laboral, o desenvolvemento socioeconómico e o propio traballo en rede, e unha proposta de ferramentas e metodoloxías de traballo a empregar para mellorar o seu traballo diario.

Avaliación do programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego na provincia de Pontevedra

Obxectivo: Realizar unha análise dos factores que poden influír na mellora das posibilidades de inserción laboral do alumnado traballador dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

Dando resposta á unha solicitude feita pola sección de escolas obradoiro da delegación da Consellería de Traballo en Pontevedra, o equipo da UPD da Mancomunidade de Vigo realizou unha análise da inserción laboral nestes programas abarcando dúas vertentes:

- **Unha investigación cuantitativa** da inserción laboral empregando unha análise estatística obtida dos cuestionarios de seguimento realizados aos seis meses e un ano da finalización dos proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego executados na provincia de Pontevedra durante os anos 2002 e 2004.
- **Unha investigación cualitativa** daqueles factores que poden chegar a influír nos resultados da inserción, acadados de diversas entrevistas cos actores implicados nos proxectos: persoal directivo e docente, persoal técnico das entidades promotoras, alumnado traballador e persoal das oficinas de emprego.

Dentro desta investigación, baseada en entrevistas individuais e grupais, analizáronse aspectos relacionados coas fases polas que pasa un proxecto, dende o momento no que unha entidade promotora decide emprender un proxecto ata unha vez concluído: deseño dos proxectos, concesión dos proxectos, selección do alumnado traballador, desenvolvemento dos proxectos e a inserción laboral unha vez finalizado o proxecto. Asemade, neste documento tamén se sinalaron suxestións de mellora para cada un dos apartados de análise.

Difusión

Con esta medida, e servindo de apoio ao resto das accións executadas, o que se intentou acadar foi promover a circulación da información, servir de canle de comunicación entre os diferentes proxectos vinculados coa formación e o emprego e ser un centro de difusión doutras experiencias.

Divulgación de información sobre desenvolvemento local e emprego

Obxectivo: Difundir información relevante sobre aqueles aspectos vinculados coa realidade social, a promoción económica e o desenvolvemento local en xeral entre todos os axentes que traballan ou están interesados nesta materia.

■ Web da UPD www.maiv.org/upd

Web do proxecto que ofrece información diversa das accións que se executaron, información sobre o programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego e acceso a todo o material metodolóxico que o equipo da UPD desenvolveu.

A web estruturouse en diferentes seccións:

A nosa UPD: Nesta sección pódese atopar información sobre a orixe e evolución das Unidades de Promoción e Desenvolvemento tanto a nivel nacional como autonómico. Así mesmo, faise unha descrición do proxecto actual promovido pola Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, cos seus obxectivos, departamentos que o compoñen e normativa na que se basea.

Desenvolvemento local: sección que ofrece información sobre os proxectos de desenvolvemento que a UPD diseña, así como toda a información socioeconómica do seu ámbito de actuación a través dos diferentes diagnósticos territoriais e o Sistema de Información Territorial.

Observatorio de Escolas e Obradoiros: Nesta sección atópase información de interese sobre os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, os requisitos para promovelos ou participar neles e a labor deservida pola UPD da Mancomunidad de Vigo no deseño de proxectos dende o ano 1998. Tamén pódese acceder a ferramentas de interese para os participantes neste tipo de proxectos (entidades promotoras, persoal directivo e titor, alumnado traballador) así como documentación e estatísticas recentes para todas aquelas persoas interesadas nestes proxectos.

Ademais nesta páxina pódese atopar o Servizo de documentación, a edición tanto de Arco da Nova como da Revista Landra, así como a sección webemprego.

■ Servizo de Documentación

Servizo permanente que ofrece tanto a posibilidade de acceder aos contidos das publicacións propias da UPD como á relación do fondo bibliográfico que dispón a Mancomunidad de Vigo. O centro de documentación está dispoñible a través da web:

www.maiv.org/upd/documentacion

Este servizo dispón dun dispositivo de consulta e préstamo dirixido a axentes de emprego e desenvolvemento local e persoal das escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

■ Boletín informativo Arco da Nova

Arco da Nova é un boletín principalmente electrónico que está especializado na edición de noticias breves de actualidade referentes a formación, emprego e desenvolvemento local en todos as súas facetas.

Desde que se iniciou o presente proxecto de UPD publicáronse 12 boletíns electrónicos. Arco da Nova distribuíuse simultaneamente en formato dixital e formato papel entre os axentes de emprego e desenvolvemento local, escolas obradoiro, obradoiros de emprego e outras entidades relacionadas co desenvolvemento local, a promoción socioeconómica e o emprego.



En formato dixital a reciben mais de 350 usuarios e en formato papel a reciben 80 entidades.

■ Web da Mancomunidade de Vigo

Co obxecto de difundir todas as accións que a UPD realiza e todas aquelas que a Mancomunidade de Vigo desenvolve en materia de desenvolvemento local e emprego o equipo da UPD prestou apoio na actualización de contidos da páxina principal da Maiv realizando programación informática, deseñando bases de datos e desenvolvendo contidos específicos tanto para os servizos centrais da Maiv como para os proxectos europeos que se executan desde esta entidade.


Promoción dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

Obxectivo: Achegar os obxectivos e características principais dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego ás entidades promotoras dos proxectos, así como ao persoal que traballa neste ámbito ou mesmo ás posibles persoas beneficiarias dos mesmos.

Servir de canle de comunicación e fortalecer os vínculos entre todos os proxectos de escolas e obradoiros ofrecendo diferentes ferramentas para a difusión dos mesmos.

■ Campaña de difusión dos programas

Difusión do material divulgativo “Unha aposta polos programas de formación e emprego” no que se explican as características básicas destes proxectos, dirixidas a sociedade en xeral e onde se reflicten algunhas das directrices establecidas pola Unión Europea en materia de igualdade de oportunidades, xestión medioambiental, prevención de riscos, etc.



Este material achegouse as diferentes oficinas de emprego co obxectivo de dar información sobre este programa a futuros participantes, así mesmo distribuíuse entre os diferentes proxectos que comezaban a funcionar para a súa entrega ao alumnado traballador.

■ Banco de ideas

Co obxectivo de achegar ás administracións locais e posibles entidades promotoras as características dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, así como para explicar a importancia que ten o deseño inicial e a súa xestión, a UPD puxo en marcha un Banco de ideas que ofrece unha batería de propostas desenvolvidos noutros territorios e que polas súas características son innovadores nalgúns aspectos.

■ Observatorio de escolas

O Observatorio de Escolas e Obradoiros foi deseñado co obxectivo de ofrecer unha ferramenta útil a todas as persoas que implicadas nos programas de escolas Obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego ou queren obter información sobre os mesmos.



Nesta web www.maiv.org/upd/observatorio atópase información de interese sobre que son os programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, ferramentas para o persoal directivo, docente e alumnado traballador destes programas de cara a mellorar a súa empregabilidade, estatísticas sobre os diferentes proxectos que se executaron na provincia de Pontevedra ou mesmo documentación que pode favorecer os procesos de capacitación das persoas desempregadas.

Esta sección estruturouse nos seguintes apartados:

Escolas/Obradoiros

- o Que son as EO/OE: nesta sección atópanse información detallada do programa referida ás entidades promotoras, persoas destinatarias, características e enderezos de interese.
- o A UPD e o deseño de EO/OE: relación de proxectos redactados polas distintas UPDs que se promoveron desde a Mancomunidad de Vigo desde 1998.

Directorio de EO/OE

- o Proxectos Activos: a través deste apartado pódese acceder a un listado dos proxectos de Obradoiros de Emprego e Escolas Obradoiro que están actualmente en funcionamento, así como ver as súas principais características.
- o Arquivo de proxectos: nesta sección, introducindo un rango de datas, pódense visualizar os proxectos que estiveron en funcionamento nese intervalo de tempo.

Ferramentas

- o Para o persoal directivo e titor: Están dirixidas ao equipo directivo e docente para facilitar ou mellorar o seu labor diario nas escolas e obradoiros.
- o Para o alumnado traballador: Están orientadas a facilitar información e orientar a quen estea no proceso de buscar un posto de traballo.
- o Para futuras entidades promotoras: Recollen información e recursos documentais dirixidos a aquelas entidades que pretendan promover un proxecto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

Documentación

- o Documentación de interese sobre o programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, publicada tanto por esta UPD como por outras entidades.

Estatísticas

- o Proxectos: datos cuantitativos sobre o número de proxectos, tipoloxía das entidades promotoras e actuación dos proxectos.
- o Persoal: datos cuantitativos sobre a distribución por sexo e programa do persoal directivo e docente e distribución por sexo e especialidades dos docentes daqueles proxectos.
- o Alumnado traballador: datos primarios de carácter cuantitativo sobre a distribución por sexo, grupos de idade e nivel inicial de estudo do alumnado traballador dos proxectos.
- o Formación: datos primarios de carácter cuantitativo sobre as especialidades formativas dos proxectos.


Para desenvolver este observatorio contouse coa colaboración tanto da Sección de Escolas da Consellería de Traballo, do persoal dos diferentes proxectos da provincia de Pontevedra que se foron executando ao longo da existencia de todas as UPD na Mancomunidade de Vigo, como do persoal da propia Mancomunidade, especialista en temas de emprego.

■ Páxinas web dos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego

A web da UPD, entre outras finalidades, foi unha plataforma de referencia non so para o persoal participante no programa de escolas obradoiro e obradoiro de emprego, senón para todos aqueles colectivos vinculados cos programas de formación e emprego.

Para levar a cabo esta acción, e así favorecer este proceso de difusión, a UPD ofreceu aos distintos proxectos que se executaron ao a posibilidade de dispor dunha páxina web propia ás que se tiña acceso a través da páxina da Unidade.

Para ofrecer este servizo deseñouse un panel de control fácil e accesible para que todos os proxectos de escolas e obradoiros puideran elaborar cos mínimos medios a súa páxina. Ademais ofreceuse a posibilidade de que se non tiñan os medios adecuados de acceso a Internet o equipo da UPD encargárase de introducir os datos facilitados polo persoal dos proxectos.



Os sitios Web de escolas e obradoiros que están operativos son:

- OE A Estrada VI (30/06/2008 - 29/06/2009)
- OE Erizana (30/06/2007-29/06/2008)
- OE Camiños de Mos (30/06/2007-29/06/2008)
- OE Vigozoo III (29/12/2006-28/12/2007)
- OE Fonte Gaiteira de Catoira (28/12/2006-27/12/2007)
- OE Pousadouro II de Redondela(26/12/2006-25/12/2007)
- EO Camiño de Santiago-Tomiño (01/07/2005-30/06/2007)
- OE Plan Mondariz (30/06/2006-29/06/2007)
- OE Fornelos de Montes II (30/12/2005-29/12/2006)

- OE Cruceiro (29/12/2005-28/12/2006)
- OE Pousadouro (30/06/2005-29/06/2006)
- OE O Grove (30/06/2005-29/06/2006)
- OE Gondomar II (28/06/2005-27/06/2006)
- OE A Lama II (13/12/2004-12/12/2005)
- OE Val da Louriña de O Porriño (03/11/2003-02/11/2004)



■ Revista Landra

A Revista Landra, é un instrumento de divulgación e difusión non so das iniciativas vinculadas cos programas de escolas obradoiro e obradoiro de emprego, senón tamén das vinculadas con temas sobre emprego e desenvolvemento local.


Esta revista, que ten unha periodicidade semestral, contén cinco seccións: Editorial, Tribuna, Escolas Abertas, Obraquedobra e Apuntamentos. Cada unha delas está dirixida a que participen os diferentes actores que traballan tanto nos proxectos de escolas e obradoiros (dirección, titoría, docencia e alumnado traballador) como outros que a pesar de non ter unha relación directa cos programas, si coñecen a problemática do desenvolvemento local e colaboran facendo as súas achegas neste eido.

Durante estes dous anos editáronse catro números da revista, participando un total de 21 proxectos, ademais de diversas persoas que aportaron as súas ideas en temas tan diversos como a igualdade de oportunidades, a recuperación do patrimonio, o autoemprego, cooperativismo ou os novos xacementos de emprego.

Os proxectos que participaron neste período foron:


- OE Plan Mondariz, OE Petroglifos II de Campo Lameiro, OE Vilaboa, OE A Freixeira II de Forcarei, EO Camiño de Santiago de Tomiño, OE Nordés da Illa de Arousa, OE Vilagarcía V, OE Vigo zoo III, OE Cotobade, OE Vila do Corpus, OE Fonte Gaiteira, OE Concello Vello de Salceda de Caselas, a EO Granxa da Rúa IV de Cangas, o OE Escola de Leboso de Forcarei, a EO Hostalaría do Salnés, o OE Erizana de Baiona.
- Ademais participaron nestes números o Delegado Provincial en Pontevedra da Consellería de Traballo, a Directora Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e o Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria.







ACTIVIDADES XERAIS



ACTIVIDADES XERAIS

Programación e mantemento de rede informática e da WEB

O departamento de comunicación e informática realizou actividades e implementou accións que serviron de base para a maioría das actuacións executadas polo resto dos departamentos:

- Mantemento e administración da rede informática e do servidor central: mantemento de equipos informáticos e da rede, copias de seguridade, configuración de correos electrónicos, mantemento de listas de distribución, dixitalización de imaxes e documentos, gravación de CDs, DVDs, etc.).
- Apoio informático as necesidades operativas do persoal da UPD.
- Colaboración cos proxectos técnicos que requiriron traballos de deseño e enxeñería informática, mantendo e deseñando principalmente bases de datos:
 - o Asesoramentos a entidades promotoras de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
 - o Asesoramentos de proxectos de valorización e desenvolvemento local.
 - o Asesoramentos puntuais á persoal técnico de entidades públicas.
 - o Observatorio de escolas obradoiro e obradoiros de emprego
 - o Localiza empresas: relación de empresas vinculadas coas especialidades das escolas ou obradoiros.
 - o Conéctate ao emprego: enlaces de páxinas web sobre emprego
 - o Banco de ideas de proxectos de desenvolvemento local e de escolas obradoiro e obradoiros de emprego
 - o Inserción laboral do alumnado das escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
 - o Sistema de Información Xeográfica.
 - o Servizo de documentación.
 - o Normativa e lexislación
- Mantemento e actualización das web asociadas á páxina principal da Maiv e programación e deseño das novas seccións.

Arquivo de prensa

Deseño, posta en marcha e actualización diaria dun arquivo de prensa informatizado sobre novas vinculadas co territorio da Mancomunidad de Vigo ao que se ten acceso de forma interna desde un servidor da Maiv.

Adaptación á Lei Orgánica de Protección de Datos

Co obxecto de adaptar todos os procesos de comunicación interna e externa á LOPD colaborouse coa entidade promotora no análise, estruturación da información, deseño dos procedementos a seguir polo persoal e redacción das cláusulas a incluír nas comunicacións de peticións de datos de carácter persoal.

Traballos de deseño gráfico


Apoio ao equipo técnico nos labores de deseño gráfico, delineación cartográfica e gráfica, especialmente en relación aos proxectos de escola obradoiro e obradoiros de emprego e á cartografía de memorias socioeconómicas e documentos de análise territorial.

Así mesmo, o equipo encargado deste tipo de tarefas realizou os traballos de deseño gráfico dos produtos que se executaron ben a través de material impreso, ben a través da web (revista Landra, boletín Arco da Nova, boletíns en Cifras e do Mercado de Traballo, páxinas web para os proxectos de escolas, etc.).

Tarefas administrativas e de secretariado

Realización de tarefas administrativas e de apoio xeral ao equipo nas súas necesidades operativas.

- Elaboración da documentación para a xestión administrativa do proxecto.
- Petición de material para a xestión do proxecto.
- Seguimento dos procedementos administrativos de xestión de facturas.
- Control dos medios materiais de consumo.
- Contactos e atención telefónica
- Actualización de documentación e bases de datos.
- Catalogación de novas publicacións do servizo de documentación.





**UNIDADE DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVEMENTO**
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



**MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



Fondo Social Europeo